

A REVISTA DA  
BIBLIOTECA

XANEIRO FEBREIRO  
MARZO 2025

Nº 64

# ABRACADA BRA

NEVE E MÁIS NEVE

PASATEMPOS

CURIOSEANDO

QUE HAI DE NOVO...



Deputación  
DA CORUÑA

**IBC**  
- ANIVERSARIO 1845-2025

BIBLIOTECA  
PROVINCIAL  
DA DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

# NEVE E MÁIS NEVE

Este ano si que si... teño que conseguilo... non podo pasar un ano máis sen ir a... Ola! Que tal vos vai? Atopádesme coma sempre facendo cábalas para conseguir o que quero... Que dura é a vida cando dependes dos teus pais para ir aos sitios aos que queres ir! Que digo queres... Que necesitas! Seguro que vos pasa o mesmo! Algún día tedes que contarme os vossos trucos. Eu sempre vos conto os meus... Neste momento estou a poñer todos os meus esforzos en ir este ano á neve. Si, xa sei. Seguro que xa fostes... pero eu non. E teño moitas ganas... A neve, esas estruturas hexagonais e perfectamente simétricas que necesitan de grandes cantidades de humidade na atmosfera e temperaturas por baixo dos 0° para a súa formación. Si. A neve: ese vapor de auga que condensa directamente sen pasar polo estado líquido e que, a pesar de caer billóns de flocos cada ano, non hai dous iguais. É máis, os científicos do Smithsonian estiman que existen ata 10 elevado a 158 posibilidades de flocos de neve... Isto é 10 elevado a 70 veces máis deseños de flocos que átomos no universo! Non é unha pasada?! Mesmo, este tipo de precipitación, conta coa súa propia lenda urbana. Si, si. Como o estades oíndo. E é que seguramente todos escoitastes algunha vez que os esquimós contan con ata 50 palabras para describir a neve, pois non é verdade. Trátase dun mito pseudocientífico popularizado na primeira metade do século XX polo lingüista Benjamin Whorf. De feito, a lingua inuit dispón, unicamente, de catro vocábulos básicos para a neve. Para que logo digan... Aínda que... si que lin por algún sitio que existe un idioma que conta efectivamente con 40 palabras para a neve e é... redobre de tambor... o finés... En fin, haberá que falar con algún finés para que nos saque de dúbidas porque a estas alturas da película xa non creo nada...



Vale. Volvendo ao que importa. Polo que estiven a mirar, atopar neve preto non é cousa fácil. Aquí, na Coruña, se vai moito frío e baixa a cota, pódese atopar algo de neve por Aranga, Curtis ou no Monte Xalo, pero se queres asegurar a neve, en Galicia, xa tes que saír da provincia e ir á Fonsagrada, O Courel, ou O Cebreiro en Lugo; Baixa Lima, Pena Trevinca ou Cabeza de Manzaneda en Ourense; ou aos Ancares na fronteira entre Lugo e León. Que a ver, tampouco é que sexa tan lonxe se temos en conta o ben que o podemos pasar facendo unha ruta de sendeirismo con raquetas, ou tirándonos por unha ladeira cunha zorra ou facendo tubing, xa sabedes, iso de lanzarse nun roscó pola neve e deixarse deslizar sen máis (sobre todo porque non se pode controlar nin a dirección nin a velocidade... Que aventura!), ou facendo bonecos de neve, ou tomarse e facer anxos movendo os brazos e as pernas, ou facer unha guerra de bólas de neve... Cantas cousas! E xa non digamos se imos a unha estación de esquí e podemos esquiar, facer snow ou pasear nunha moto de neve...

Xa, xa. Se nunca fun á neve está claro que non sei esquiar. Pero estiven a me informar e de media pódese aprender en dous ou tres días se tomas clases de polo menos 4 horas cada día. Paréceme un investimento de tempo accesible...E despois... A gozar!



O malo é que aquí, en Galicia, só contamos cunha estación de esquí: a de Manzaneda e, está en Ourense, iso supón unha distancia de 219 Km da Coruña, o que equivale a unha viaxe dunhas 2 horas e 50 minutos aproximadamente. (Xa vedes que o teño todo controlado para cando teña que dicirillo aos meus pais. Agora hai que pensar como venderlo...) Ah! Ten 23 pistas para todos os niveis. Así que tanto o meu nivel como o dos meus pais e o meu irmán, están incluídos. Que a ver, se prefiren ir esquiar coas celebritis a Baqueira Beret, ou coñecer algunha das estacións que lideran a clasificación das mellores do mundo, segundo algún que outro estudo, como a de Zermatt en Suíza, Livigno en Italia ou Flachau en Austria, por min perfecto. (Sempre hai que pedir ao grande para conseguir o razoable. Isto aprendino co conto “Amelia quere un can” de Tim Bowley) Iso si, hai que espertar, porque segundo a estatística nivolóxica (conste que a pesar de non aparecer na Rag non me invento a palabra, aínda que non sei porque non usan nival que entendo que estaría ben dito... é igual) os mellores meses para a práctica de deportes de inverno, no noso país, son os de febreiro e marzo.

A cruzar os dedos, que cando nos volvamos ver quero poder dicirvos que probei a neve. E si, probado en todas as súas acepcións. Aínda que para evitar perigos é mellor comer a capa máis superficial de neve, tras varias horas nevando e sen que se comece a derreter, e, por suposto, tendo coidado de que non fose pisada por nada nin ninguén.



En fin, vémonos no próximo número!!! se non nos vemos antes na neve...



# PASATEMPOS



Aquí vos deixamos algúns chistes que nos deixastes:

- ¿Qué le dice un jaguar a otro jaguar?  
Jaguar you?

- ¿Qué le dice un pez a otro?  
¡Nada!

- ¿Qué animal puede saltar más alto que una casa?  
Cualquiera, porque una casa no salta



- ¿Qué dice un hombre cuando entra en un bar de pinchos?  
- ¡Ayyyyyyy!

- ¿Qué le dice un 2 a un 0?  
Veinte conmigo


- Profe ¿qué quiere decir 'why'?  
- ¿Por qué?  
- Por saberlo




E agora a ver se sodes quen de atopar as 7 diferenzas:




Como se vos dan os sudokus? Aquí vos deixamos un para que lle deades aos miolos.






## Sabedes que son os neveiros?

Os "neveiros", "pozas da neve" ou "casas da neve" son unhas construcións, normalmente de forma circular, escavadas no chan e dunha profundidade aproximada de 6 ou 7 metros que servían para almacenar, conservar e aproveitar a neve ata ben entrado o verán. Aquí en Galicia se pensa que empezaron a construírse no século XVI, na que se coñece como a "pequena idade de xeo" porque é unha época na que descenden considerablemente as temperaturas e, a neve, máis abundante, chega a lugares de menor altitude, incluso próximos á costa.

Se queredes poderdes visitar os restos dalgún destes neveiros como os tres Neveiros de Meda, situados moi preto entre si (nun radio aproximado de 500 m): dous no concello de Parada de Sil e outro en Xunqueira de Espadanedo (Ourense); ou os Neveiros de Fixó, no alto da Serra do Candán en Forcarei (Pontevedra). Tamén en Pontevedra están o Neveiro de Chan da Anduriña, na parroquia das Estacas, en Fornelos de Montes e; na Cañiza, Comarca da Paradanta, está o mosteiro da Franqueira que contaba con, polo menos, dous neveiros: o Neveiro da Franqueira (tamén coñecida como Neveira dos Frades ou Pozo da Naveira) e o Neveiro de Petán, e unha poza de neve: a Poza de Deva. Tamén se sabe dunhas neveiras medievais localizadas na Serra do Suído na fronteira entre Pontevedra e Ourense.

Na provincia da Coruña sábese dun neveiro chamado Pozo da Neve, no barrio de Meixonfrío, no norte da cidade de Santiago de Compostela. Non obstante, este neveiro quedou soterrado cando se acometeron as obras da Avenida do Cruceiro da Coruña e a ampliación do acceso norte a Compostela a finais de 1990, e no ano 2006 tapouse definitivamente ao construír un pequeno parque no lugar.

## Solucións dos pasatempos



## Que hai de novo...?

\* Esta ano estamos de en hora boa porque **A BIBLIOTECA CUMPRE 180 ANOS**. Mantédevos ao tanto para non perdervos nada da celebración.

\* **PRÉSTAMO DIXITAL**. Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos poderdes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web [www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info](http://www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info)

\* **BOLETÍNS DE NOVIDADES**. Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar as novidades, mes a mes, na páxina web.

\* **RESERVAS E RENOVACIÓNS**. Poderdes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

\* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo [biblioteca.infantiljuvenil@dacoruna.gal](mailto:biblioteca.infantiljuvenil@dacoruna.gal) e publicarémolas no próximo número da revista.

